

29  
CONCURSO  
ONCE

PROGRAMA DE  
SENSIBILIZACIÓN  
EDUCATIVA



PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL

# GUÍA DO PROFESOR

## UNIDADE DIDÁCTICA





## Índice



Introducción.....	03
Conceptualización pedagógica.....	04
I.- Educación e mundo laboral.....	08
Actividades.....	14
II.- Lecer.....	24
Actividades.....	31
III.- Tecnoloxía.....	41
Actividades.....	46
IV.- Para saber máis.....	56





## ¡Bienvenid@ ao 29 Concurso ONCE!

////////////////////////////////////

Xa viches o vídeo “A cápsula do tempo”? Pois iso é o primeiro. Así que, se aínda non o viches, faino agora e encontrámonos de novo no seguinte parágrafo.

Gustouche? Esperamos que si. Como puidedes comprobar, este emocionante arranque de curso é unha metáfora de todo o que subxace ao dobre aniversario que celebraremos en 2013 (o 75º Aniversario da ONCE e o 25º Aniversario da Fundación ONCE).

Empregamos tres símbolos sinxelos (un libro, un balón e unha radio) para presentarvos tres grandes eidos nos que o mundo da discapacidade atinxiu grandes avances en todos estes anos: o eido da educación e o mundo laboral, o eido do lecer e o eido da tecnoloxía.


75 anos de grandes avances que vos propomos coñecer un pouco mellor a través desta unidade didáctica, que conta para iso con contidos teóricos e actividades de carácter non obrigatorio. Isto é, esta unidade didáctica é unha ferramenta que, como profesor/a, poderás empregar en maior ou menor medida para involucrar aos teus alumnos na realización do verdadeiro traballo de participación: un vídeo de non máis dun minuto que reflicta as cousas que aínda podemos mellorar no futuro nun destes ámbitos: educación/traballo, lecer e tecnoloxía.

Para a realización deste vídeo-traballo participativo, encontraredes máis información e consellos na guía “Como gravar o noso vídeo?”

Listos? Daquela agardamos os vossos vídeos para metelos na nosa particular cápsula do tempo. Benvidos á aventura de construír o futuro!

////////////////////////////////////





////////////////////////////////////

# CONCEPTUALIZACIÓN PEDAGÓGICA

////////////////////////////////////



# Conceptualización Pedagógica

## A Obxectivos xerais:

- Promover o coñecemento xeral das situacións de discapacidade e a responsabilidade que todos temos en conseguir a inclusión das persoas con discapacidade en todos os eidos da vida.
- Coñecer a historia da discapacidade en España, desde un punto de vista normalizador e positivo, fomentando valores de esforzo, superación e dedicación: “se queres, podes”.
- Reflexionar acerca de como a realidade que vivimos hoxe é froito de moitos pasos e elementos previos: leis, proxectos, organizacións, persoas, inventos, etc.
- Facilitar experiencias empáticas que permitan comprender a discapacidade desde a perspectiva dos que a viven acotío
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa (alumnado, pais, profesores).
- Facer partícipes aos nenos e adolescentes da súa capacidade para transformar e mellorar a nosa sociedade.

## B Vinculación co currículo escolar:

Os alicerces deste concurso escolar desenvolvéronse tomando como referencia a **LOE**, que ten como finalidade: *“proporcionar aos alumnos estratexias que lles permitan afianzar o seu desenvolvemento persoal e adquirir habilidades e coñecementos (...), así como desenvolver habilidades sociais (...) e afectividade”*.



O proxecto vai desenvolver de xeito transversal os seguintes obxectivos nas distintas áreas:

- Lingua e literatura:
  - Empregar a lingua para **relacionarse e expresarse** no contexto social de forma adecuada, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural:
  - Amosar unha actitude de **aceptación e respecto** polas diferenzas individuais.
  - Adoptar un **comportamento** responsábel **constructivo e solidario**.
  - **Valorar as diferenzas e respectar** os dereitos humanos.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos:
  - Recoñecer a **diversidade humana** como **enriquecedora** da convivencia.
  - Coñecer, asumir e valorar os principais **dereitos e obrigas**.
  - Mostrar **sensibilidade** polas **necesidades** das persoas e desenvolver comportamentos **solidarios**.


### **C** Principios metodolóxicos:

Esta unidade didáctica susténtase na corrente construtivista da aprendizaxe, onde o **alumnado é protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizax**.

- **Participación activa:** O plano de actividades postula o uso de “**métodos problematizadores**”, baseados na **aprendizaxe pola acción**, pondo en xogo o pensar, o sentir e o facer. Mediante a utilización de técnicas activas e dinámicas que fomenten o traballo grupal, favorécese o **desenvolvemento de actitudes e valores** persoais baseados na reflexión e na empatía
- **Individualización:** Neste material consideráronse as características psicoevolutivas deste grupo de idade, para facilitar unha aprendizaxe significativa.

- **Racionalización:** Queremos fomentar un pensamento crítico, cuestionando as ideas propias ao contrastármolas con información nova.
- **Socialización:** As actividades enfócanse no traballo grupal, fomentando as relacións interpersoais, a cooperación e a emp.
- **Creatividad e diversión:** A formulación das actividades realizouse buscando un enfoque creativo e lúdico, para que os alumnos aprendan con gusto e de xeito significativo.
- **Autonomía:** Damos importancia ao poder de iniciativa dos alumnos, á súa capacidade de reflexión e liberdade de elección, de xeito que se converten en responsábeis das súas decisións e accións.





# 75 años de avances EN EDUCACIÓN





# 75 años de avances en Educación

Como puidestes ver no noso vídeo, un dos obxectos que os protagonistas encontran na “cápsula do tempo” do faiado é un vello **libro**. Un libro de xeografía que, como explica o avó, quixo deixar aos nenos do futuro, por ser un dos tesouros da súa infancia: grazas a el, oíu falar de países afastados aos que puido viaxar co poder do seu maxín e, máis tarde, xa de adulto, a súa determinación levouno a viaxar a eles de verdade.

Ese libro do noso vídeo é o símbolo dun dos grandes eidos da vida de calquera persoa: a **educación**. Un dereito fundamental que dá acceso a outros tan importantes como o dereito a traballar; dereitos que aló por 1938 non eran moi comúns entre as persoas con discapacidade, que decote vían reducidas as súas posibilidades de vivir á caridade e á mendicidade.

“**«A educación axuda á persoa a aprender a ser o que é capaz de ser».**  
- Hesíodo -

Afortunadamente, hoxe iso resulta case unha anécdota do noso pasado e queremos que nos acompañedes para coñecer un pouco máis **os avances que nestes 75 anos permitiron que as persoas con discapacidade puidesen desfrutar do seu dereito a unha educación de calidade e a gañar a vida de xeito autónomo e digno.**

Preparados? **Pois comezamos con esta viaxe no tempo!**

## 75 anos mellorando o acceso á educación e ao mundo laboral:

Grazas ao esforzo de moitas persoas e organizacións poderíamos falar de moitos momentos chave para as persoas con discapacidade no eido educativo e no mundo laboral. A continuación, convidámosvos a coñecer algúns deles:



- Aínda que a traxectoria da **educación especial en España** comeza en **1857**, co seu recoñecemento na **primeira Lei de instrucción pública española** (coñecida como a “Lei Moyano”), que dispuxo a creación dunha **escola para cegos e xordos** en cada distrito universitario, o certo é que o seu alcance efectivo foi moi limitado durante moito tempo. Eran centros onde estudaban separados do resto dos nenos e onde só se atendía aos que tiñan discapacidade sensorial (até 1970 non se tiveron en conta os nenos con outros tipos de discapacidade, que a miúdo ficaban reclusos nas súas casas e afastados do resto da sociedade).
- Por outra banda, aínda que existían algúns centros de atención aos “cegos” e “minusválidos” (termos usados naquel momento), a axuda era escasa e con frecuencia tiñase que recorrer á mendicidade.
- Progresivamente, foron xurdindo distintas asociacións de cegos e persoas con outras discapacidades que comprenderon a necesidade de seren eles mesmos os que mudaran as cousas. Procurando unha alternativa máis digna de gañar a vida, organizaban rifas e pequenos sorteos locais que tiñan como premio algún alimento ou animal.
- En **1936**, créase a **CNSE** (Confederación Nacional de Xordomudos de España), que comeza a traballar na defensa das persoas xordas.
- Pouco e pouco, con moito esforzo, as persoas con discapacidade visual uníronse tamén para crear en **1938** a **ONCE** (Organización Nacional de Cegos Españóis). A través dunha norma estatal, concedeuse à ONCE a **creación dun cupón denominado “Pro-cegos”**, para que o seus afiliados puidesen gañar a vida. Tratábase dun sorteo provincial e pouco tiña a ver co alcance do cupón actual. Mais foi un primeiro paso.
- En **1948**, a ONU, na súa **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** establece que todas as persoas (con discapacidade ou non) teñen os mesmos dereitos: *“Todas as persoas teñen todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”*. Isto que hoxe nos parece tan obvio supuxo un grande avance, por exemplo, para as persoas con discapacidade, aínda que tardaría un tempo en ir calando na mentalidade da sociedade.



- Pouco a pouco, na **década dos 50**, a **ONCE** fixa a educación e o emprego como claves para que as persoas con discapacidade sexan cidadáns de seu e **pon en marcha numerosos colexios de educación especial**, con recursos para mellorar e fomentar a comunicación e a educación das persoas con discapacidade a través de diferentes metodoloxías: braille, sistema dactilolóxico, etc..

- Paralelamente, nos anos 50 e 60, a **ONCE crea fábricas e escolas de oficios** que melloran a perspectiva laboral de numerosas persoas con discapacidade. Crea tamén **centros de formación e emprego** como a Escola de Telefonía, un Centro de Formación Profesional ou a Escola Universitaria de Fisioterapia.

- No nivel educativo, para as persoas con discapacidade visual van xurdindo pouco a pouco novos centros educativos, servizos sociais de rehabilitación, bibliotecas braille e sonoras, etc.

- Nestes 75 anos non só van mellorando as estruturas e servizos para as persoas con discapacidade, senón que tamén muda o propio xeito en que a sociedade as acepta e respecta. Un exemplo disto é a creación en **1964** da FEAPS, a Federación Española de Asociacións pro Subnormais, que en 1968 organiza por vez primeira o Día nacional do subnormal. Afortunadamente, fóronse cambiando estas e outras terminoloxías referidas ás persoas con discapacidade, e hoxe, por exemplo, esta asociación coñécese como a **Confederación Española de Organizacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual**.

- Durante os **anos 70**, e como un paso alén dos centros para nenos con discapacidade visual, tiveron lugar os **primeiros intentos de integración escolar** destes alumnos en centros ordinarios e a creación de equipos de apoio ao ensino integrado.

**Sabías que...**

**...os fisioterapeutas da ONCE son profesionais moi ben valorados?**



- En **1978**, o Artigo 14 da **Constitución Española** suporá outro grande paso para as persoas con discapacidade: deféndese nel a igualdade de todas as persoas sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Deste xeito, nese mesmo ano comeza a elaboración do **Plan Nacional de Educación Especial**.
- En **1982** apróbase a **Lei de Integración Social do Minusválido**. Por primeira vez fálase explicitamente de integrar as persoas con discapacidade nos ámbitos educativo, social e laboral.
- En **1984** dáse outro grande paso: **o cupón da ONCE pasa a ter carácter nacional**. Deste xeito, todos os invidentes pasan a ser socialmente visíbeis a través dun mesmo premio nacional e recoñecidos como unha unidade, aumentando a forza da ONCE para continuar traballando polas persoas con discapacidade visual.
- Pouco despois, en **1988**, nace a **Fundación ONCE** para a cooperación e a inclusión social de **todas as persoas con discapacidade** (visual ou non). Logo se converterá no mellor motor de emprego, formación e accesibilidade en España e Europa.
- A **Declaración mundial de educación para todos da UNESCO**, de 1990, recoñeceu a necesidade de **suprimir a disparidade educativa**, en particular nos grupos vulnerábeis á discriminación e á exclusión: as nenas, os pobres, a infancia traballadora, a poboación rural, as minorías étnicas, a poboación con discapacidade e outros grupos. Deste xeito, a principios dos anos 90 o sistema educativo español dá un xiro e aposta por un modelo inclusivo con persoas discapacitadas nas aulas ordinarias.
- En **1992**, a Asemblea Xeral da ONU proclamou o día **3 de decembro Día internacional das persoas con discapacidade**.
- En **1997** nace o **CERMI**, un comité que agrupa todas as asociacións de persoas con discapacidade para unificar e potenciar a súa voz e defender os seus intereses. Grazas a isto, a axuda a cada persoa con discapacidade é máis específica e ampla.



No que levamos deste século XXI, tamén se crearon unha serie de leis e artigos para a defensa dos dereitos educativos e laborais das persoas con discapacidade:

- En 2003, a **Lei de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade para as persoas con discapacidade**
- En 2006, a Asemblea Xeral da ONU adoptou a **Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, que prevé medidas (tanto de non discriminación como de acción positiva) que os estados haberán de implantar para garantir que as persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en igualdade de condicións coas demais persoas.
- España foi un dos primeiros países en ratificar este tratado internacional (en 2007).
- A Lei 27/2007, do 23 de outubro, **recoñece as linguas de signos españolas e regula os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.**

**E todos estes esforzos pagan a pena?** Se cadra, haberá que preguntar a persoas como Gennet, que en 2012 converteuse na primeira persoa española con xordocegueira que rematou estudos universitarios.

Xuntos podemos seguir facendo moito máis. **Animádesvos a cambiar o futuro?**




////////////////////////////////////

# ACTIVIDADES

## “EDUCACIÓN-MUNDO LABORAL”

////////////////////////////////////



**Estas actividades non son obrigatorias para participar no concurso.**

Só son unha ferramenta que pretende facilitar aos alumnos a comprensión de como cambiaron as oportunidades de educación e acceso ao traballo nestes 75 anos para as persoas con discapacidade, ben como reflexionar acerca daquilo que aínda podemos mellorar entre todos (reflexión que lles facilitará a elección do tema do vídeo que si deberedes presentarnos para participar).



////////////////////  
**Actividade 1**  
////////////////////

# “Historia do cupón”

**Obxectivo:** Coñecer as orixes do cupón e a importancia que tivo no desenvolvemento de oportunidades laborais e educativas para moitas persoas con discapacidade.

**Área curricular:** Área curricular

**Duración:** 1 sesión.

## Desenvolvemento da actividade:

En 2013 faranse 75 anos da aparición do cupón da ONCE, chamado naquel entón “*cupón pro-cegos*”. Un cupón que pouco ten a ver co aspecto e o alcance do cupón actual, mais que comparte un mesmo fin: traballar polos dereitos das persoas con discapacidade, ofrecendo a base económica que permite o financiamento da súa formación, emprego e cobertura social.

Propomos comezar formulando aos alumnos estas preguntas:

- *Quen sabe o que é o cupón da ONCE?*
- *Sabedes a que se destina o diñeiro?*
- *Desde cando existe o cupón?*

A continuación, suxerimos ver estes dous breves audiovisuais para viaxar ao pasado e entender un pouco mellor o transcurso destes 75 anos:



“Un cupón con historia”: [www.once.es/new/mas-videos/43.-un-cupon-con-historia/?searchterm=un%20cupon%20con%20historia](http://www.once.es/new/mas-videos/43.-un-cupon-con-historia/?searchterm=un%20cupon%20con%20historia)

“La imagen el sorteo”: [www.once.es/new/mas-videos/41.-hoy-la-imagen-del-sorteo/?searchterm=la%20imagen%20del%20sorteo](http://www.once.es/new/mas-videos/41.-hoy-la-imagen-del-sorteo/?searchterm=la%20imagen%20del%20sorteo)



Tras o visionamento, realizarase unha reflexión común a través destas preguntas:

- *Que descubristes con estes vídeos?*
- *Coñecades este pasado do cupón da ONCE?*
- *Sabiades que o diñeiro se destina a mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade (creando centros formativos, xerando emprego, etc.)?*

**Materiais:** Ordenador con acceso a internet para o visionamento dos vídeos.

**Conclusións:** Reflexionar acerca de como a venda de cupóns mudou a vida de tantas persoas e da súa evolución ao longo da historia.





////////////////////////////////////  
**Actividade 2**  
////////////////////////////////////

# “Explorando cos sentidos”

**Obxectivo:** Experimentar as diferentes sensacións que se producen cando se prescinde dun dos sentidos no ámbito escolar.

**Área Curricular:** Coñecemento do medio; Educación física; Educación para a cidadanía.

**Duración:** 1 sesión.

## Desenvolvemento da actividade:

Suxerimos comezar a actividade vendo un breve vídeo sobre os campamentos de integración que desenvolve a ONCE:



“Campamentos de integración”: [www.once.es/new/mas-videos/52.-201ccampamentos-de-integracion201d/?searchterm=campamentos%20de%20integración](http://www.once.es/new/mas-videos/52.-201ccampamentos-de-integracion201d/?searchterm=campamentos%20de%20integración)

Despois, os alumnos deberán comentar o que lles pareceu e preguntarlles se algunha vez foron a un campamento ou realizaron actividades con persoas con discapacidade.

A continuación, serán convidados a realizaren unha serie de actividades que fan acotío na escola, pero experimentándoas desde unha situación de discapacidade, privados dalgúns dos seus sentidos ou capacidades:

1. Terán que lanzarse de costas sobre uns colchóns, primeiro cos ollos tapados e despois sen tapar os ollos. Cando tiveron máis medo antes de tirarse? Cal das dúas experiencias lles resultou máis emocionan?



2. Os alumnos tratarán de seguir parte dunha clase normal, pero sen o sentido do oído: seguirán a explicación do profesor cos oídos tapados. Despois destapanos e o profesor volverá explicar o mesmo. Ao final, terán que compartir as súas sensacións perante as dúas situacións.
3. Terán que afiar un lapis cunha soa man, mentres que teñen a outra inmovilizada nas costas. O profesor cronometrará o tempo que tardan. Despois, volverán facer o mesmo, pero coas dúas mans. Ao finalizaren, comentarán como se sentiron.
4. Cada alumno escollerá un tipo de discapacidade. Durante o recreo, cada un deberá cumprir fielmente o seu rol (cos ollos vendados, os oídos tapados ou á pata coxa...)

Por último, iniciarase unha reflexión conxunta acerca da discapacidade e o colexio:

- *É máis difícil a vosa actividade escolar cotiá ao afrontárdela cunha discapacidade?*
- *Que credes que vos resultaría máis difícil?*

**Materiais:** Vendas para os ollos, colchóns, tapóns para os oídos, lapis e afialapis.

**Conclusións:** Sermos conscientes do importante que son os sentidos na nosa vida diaria e coñecer como se pode complementar cada un deles co resto dos sentidos que temos.



////////////////////////////////////  
**Actividade 3**  
////////////////////////////////////

# “A educación ao longo da historia”

**Obxectivo:** Ser capaces de buscar información, analízala e tirar conclusións propias sobre a educación para persoas con discapacidade, establecendo relacións de semellanza e diferenzas en función da variábel tempo.

**Área curricular:** Coñecemento do medio.

**Duración:** 2 sesións.

## Desenvolvemento da actividade:

Mandaráselles facer un traballo de investigación onde desenvolvan unha liña do tempo sobre a educación das persoas con discapacidade, desde 1930 até os nosos días.

Para isto, o profesor achegaralles a listaxe de frases que indicamos a continuación, mais sen indicar a data e de maneira desordenada, para que os alumnos, en equipos de tres, busquen información e coloquen as frases en orde cronolóxica:

- *Primeiros colexios de educación especial en España, que só atendían a nenos xordos e cegos. (1930).*
- *Aparece a ONCE e comézase a vender o cupón. (1938).*
- *As persoas con discapacidade visual comezan a empregar máquinas de Braille(1945).*
- *A ONCE crea fábricas e escolas de oficios. (Años 50-60).*
- *Entra en vigor a actual Constitución Española, onde se recoñecen os mesmos dereitos para todas as persoas. (1978).*



- Aparece unha nova lei, chamada LISMI (Lei de integración do minusválido), que comeza a falar da integración dos nenos en colexios ordinarios. (1982).
- Os colexios españois comezan a integrar nenos con discapacidade en centros onde asisten nenos sen discapacidade. (1985).
- Nace a Fundación ONCE, para traballar alén da invidencia polos dereitos de todas as persoas con discapacidade. (1988).
- A UNESCO, falando da “educación para todos”, muda a palabra “integración” polo termo “inclusión”: agora xa non son os alumnos os que teñen que se adaptar ao colexio, senón que será o colexio o que deberá adaptarse ás necesidades de cada neno. (1990).
- Nace o CERMI, un comité no que todas as asociacións de discapacitados traballan xuntas por un mesmo obxectivo: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade. (1997).
- España acepta cumprir os acordos da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, para garantir que as persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en igualdade de condicións coas demais persoas. (2007).
- Gennet é a primeira persoa española xordacega que acaba estudos universitarios. (2012).

Cada equipo deberá ordenar as frases e ir colocándoas nun mural, que poderán complementar con máis información e fotos.

Unha vez rematado, cada grupo presentará á clase o mural realizado. Despois, poderán colgalos na aula ou nos espazos comúns do colexio.

Reflexión final:

- Que aprendestes?
- Chamovos a atención algunha cousa en especial desta liña cronolóxica?
- Como imaxinades a educación das persoas con discapacidade dentro de 25 anos?



**Materiais:** Ordenador con acceso a internet para a procura de información (na sala de informática ou nas casas). Cartolinas, papel, lapis, rotuladores, tesoiras e pegamento.

**Conclusións:** Coñecer algúns dos grandes momentos que marcaron o dereito á educación e ao traballo das persoas con discapacidade.



////////////////////////////////////  
**Actividade 4**  
 //////////////////////////////////////

# “A xordocegueira: pasado e presente”

**Obxectivo:** Coñecer mellor a xordocegueira e as súas dificultades para o acceso á educación.

**Área curricular:** Coñecemento do medio; Educación para a cidadanía.

**Duración:** 1 ou 2 sesións.

## Desenvolvemento da actividade:

Propomos uns materiais audiovisuais baseados na historia real de Helen Keller, que permitirán aos rapaces comprender un pouco mellor a difícil situación das persoas con xordocegueira antes de existiren medios específicos para a súa educación:



[www.youtube.com/watch?v=6b-uwT\\_vkzg&feature=related](http://www.youtube.com/watch?v=6b-uwT_vkzg&feature=related)

[www.youtube.com/watch?v=vlRQle\\_rXwc&feature=relmfu](http://www.youtube.com/watch?v=vlRQle_rXwc&feature=relmfu)

Ao finalizar, compartiranse impresións sobre o visto e facilitarase a reflexión mediante as seguintes preguntas:

- *Como imaxinabades a xordocegueira antes de ver os vídeos?*
- *Que é o que máis impacto vos causou?*




- *Esta historia é real, sucedeu a finais do século XIX. Os pais de Helen eran ricos e puideron contratar unha institutriz exclusivamente para educala. Mais, como pensabades que era antigamente a vida de calquera outra persoa xordocega que non tivera esa posibilidade?*
- *Que mudou desde entón? (Os recursos, a propia mentalidade da sociedade e o modo de tratar esas persoas, as leis, etc.).*

**Materiais:** Ordenador con conexión a internet para ver os vídeos.

**Conclusións:** Reflexionar sobre a evolución da xordocegueira, sobre as súas posibilidades para acceder á educación e ao traballo no pasado e no presente.





**75 años  
de avances  
NO LECER**





# 75 anos de avances no lecer

Outro dos obxectos que os protagonistas do noso vídeo atopan no misterioso faiado é un vello **balón de fútbol**. Un balón que, como explica o avó, tivo para el un enorme valor na súa infancia: sendo cego, pode que en 1938 non puidese xogar ao fútbol cos seus amigos, pero o fútbol era a súa paixón e seguía todos os partidos coa súa radio.

Ese balón do noso vídeo é un símbolo doutro dos grandes eidos da vida de calquera persoa: **o lecer**. Un ámbito moi amplo (deporte, cinema, turismo,...) que tamén **nestes 75 anos atinxiu grandes avances para que as persoas con discapacidade puidesen gozar das súas afeccións favoritas**.

## O lecer: todo un dereito

Na primeira parte da unidade didáctica, vimos como no inicio houbo moitos pasos previos e dereitos fundamentais polos que se tivo que loitar. Eran tempos difíciles nos que había prioridades para as persoas con discapacidade, como o acceso á educación e ao mundo laboral.

Mais, segundo fomos atinxindo esas metas urxentes, abordamos outras novas e non menos importantes, como esta da que vos queremos falar agora: o lecer.

O lecer **é un dereito humano básico**, polo que **ninguén debería estar privado do mesmo**. Non só como forma de **descanso e recreo**, senón porque o lecer nos permite lograr e acadar o noso **pleno desenvolvemento persoal**: permítenos exercer a nosa liberdade de escolla, ben como o noso dereito de participación; facilítanos as relacións persoais, ampliando e fortalecendo o noso círculo social e as nosas habilidades sociais.

Grazas a múltiples melloras sociais, laborais e económicas, o tempo de lecer adquiriu nas últimas décadas unha importancia descoñecida até o de agora, sendo hoxe un **parámetro fundamental da calidade de vida dunha persoa e dunha sociedade**.



Este progresivo avance do eido do lecer en toda a nosa sociedade, unido a unha mudanza na mentalidade e no modo de aceptar a discapacidade, foi permitindo a diferentes organismos e asociacións traballar pola equiparación de oportunidades de lecer para as persoas con discapacidade.

Aínda que hoxe existe unha enorme oferta de actividades de lecer, poderíamos clasificar practicamente calquera delas nunha destas tres categorías:



//////////

**Algunha destas cuestións pode ser un bo tema para o vídeo-traballo dos teus alumnos.**

////////////////////////////////////

- **Cultura:** A todos nos gusta desfrutar dun bo filme, un concerto, un bo libro, unha exposición... A cultura é un dos bens máis prezados do ser humano. As persoas con discapacidade teñen a mesma necesidade e o mesmo dereito de acceder a ela. A vosa contorna ofrece actividades culturais accesíbeis a calquera persoa? Son accesíbeis as vosas bibliotecas, os vosos museos...?

- **Turismo:** As persoas con discapacidade tamén queren coñecer e desfrutar de todas as marabillas que temos ao noso arredor. Son accesíbeis a información, os monumentos, as praias, etc., da vosa contorna?

- **Deporte:** A todos nos gusta poder relaxarnos, divertirnos e manternos en forma mediante o noso deporte favorito. O deporte supón un dos mellores medios para o desenvolvemento social, físico e lúdico das persoas con discapacidade. Conta a vosa contorna cunha oferta deportiva da que poidan gozar tamén as persoas con discapacidade? Se cadra os teus alumnos queren reflectilo no seu vídeo-traballo; con sorte, de aquí a un tempo, cando outros nenos abran a nosa cápsula do tempo, as persoas con discapacidade xa non se terán que enfrontar a estes problemas.

**Inclusión, accesibilidade e participación**

Como en calquera outro eido público da vida das persoas con discapacidade, **nestes 75 anos foi necesario un cambio da mentalidade social cara a inclusión.** .



Isto é, non excluír as persoas con discapacidade, senón telas en conta como o resto dos cidadáns en calquera cousa que afecte á súa vida.

Isto, no ámbito do lecer, permitiu o progresivo aumento de **espazos, actividades e contidos accesíbeis para todas as persoas.**

Aquí vos ofrecemos unha táboa moi útil para que os vosos alumnos poidan valorar as **condicións de accesibilidade** na oferta de lecer da vosa contorna, por se quixeren realizar o seu **vídeo-traballo** sobre algún destes aspecto:

////////////////////////////////////  
“**Alguén fixo un círculo para deixarme fóra, eu fixen un máis grande para incluírmonos todos**”.  
- **Nativo americano** -  
////////////////////////////////////

### //////////////////////////////////// **CONDICIÓNs DE ACCESIBILIDADE** //////////////////////////////////////

#### **INCLUSIÓN FÍSICA**

- Acceso e entrada non accesíbel
- Prazas de estacionamento reservado ocupadas
- Presenza de escaleiras
- Mostradores dunha altura
- Ausencia de espazos de descanso
- Ascensores sen soporte sonoro
- Máquinas inaccesíbeis e incomprensíbeis
- Elementos inalcanzábeis: alcance manual ou visual
- Medidas de accesibilidade mal deseñadas (ramplas, portas, baños)

#### **INCLUSIÓN COMUNICATIVA**

- Contido da información non adaptado
- Materiais en formato e soportes non adaptados
- Vídeos non subtitulados nin en audiodescrición
- Web inaccesíbel por formato contido
- Paneis informativos e directorios colocados en lugares inaccesíbeis
- Sinalización sen apoios visuais, táctiles ou sonoros
- Acústica inadecuada e iluminación insuficiente

#### **INCLUSIÓN SOCIAL**

- Ausencia de oferta de programas
- Programas só para grupos de persoas coa mesma discapacidade
- Oferta específica que non se mantén no tempo (experiencias piloto)
- Participación grupal de persoas con discapacidade con apoio de asociacións
- Experiencias moi positivas
- Profesionais do lecer descoñecedores da discapacidade
- Falta de formación para deseñar programas para todos
- Escasa difusión das medidas de accesibilidade
- Ausencia de difusión da información no sector da discapacidade
- Inexistencia de profesionais do lecer con algunha discapacidade
- Falta de formación básica no trato adecuado ás persoas con discapacidade
- Cursos de reciclaxe nos que non se aborda a discapacidade

Fonte: Madariaga (2008)



## 75 años mellorando o eido do lecer

A estas alturas estarédesvos preguntando: **Pero que momentos marcaron estes 75 anos do lecer das persoas con discapacidade?**

Grazas ao esforzo de moitas persoas poderíamos falar dunha morea de momentos clave para o mundo da discapacidade. A continuación, convidámosvos a acompañarnos nunha rápida viaxe temporal por algún deles:

- **En 1938 nace a ONCE**, que, preocupada por todos os eidos da vida das persoas invidentes, fomentará a educación física e o deporte dentro dos seus colexios.
- **En 1949 nace a Federación Nacional de Sociedades de Xordomudos de España (F.N.S.S.E.)**. Dentro deste organismo creouse un comité enfocado especificamente a impulsar o deporte: o Comité Español de Deportes Silenciosos da Federación Nacional de Sociedades de Xordomudos de España.
- Na década dos **anos 50** celebráronse os **Primeiros Xogos Mundiais para Xordos** recoñecidos polo Comité Olímpico Internacional.
- Posteriormente, na década dos **anos 60**, celebráronse en Roma as primeiras Olimpíadas para Minusválidos (como vedes, a terminoloxía tamén cambiou ao longo do tempo), que son consideradas como os **primeiros Xogos Paralímpicos de verán**. Iso si, tan só estiveron abertas aos discapacitados con **lesión da medula espinal**. En total, houbo **400 persoas participantes** —entre deportistas e asistentes— procedentes de **23 países**, e acolléronse **8 modalidades deportivas**: atletismo, baloncesto con cadeira de rodas, darchery, esgrima en cadeira de rodas, natación, snooker, tenis de mesa e tiro con arco.
- **En 1972** entraron en funcionamento en España os **primeiros clubs de lecer para deficientes mentais** (outro grande exemplo de como a linguaxe tamén mudou para volverse máis respectuosa coas persoas con discapacidade) como resposta ás necesidades de lecer deste colectivo, que até aquel entón carecía de actividades específicas para os seus membros.



- En **1976** prodúcese a **primeira participación de persoas con deficiencia visual nas Paralimpiadas de Toronto**. Competiron en **goalball**, o único deporte paralímpico creado especificamente para persoas invidentes ou con deficiencia visual. Nel participan dous equipos de tres xogadores, todos con antefaces opacos que igualan a falta de visibilidade. O xogo baséase principalmente no sentido auditivo para detectar a traxectoria da pelota, que leva no seu interior axóuxeres que soan co movemento do balón. Este deporte require dunha grande capacidade de orientación espacial para poder interceptar o balón, situarse estratexicamente no campo e realizar o lanzamento.
- En **1980** créase a **COCEMFE**, a Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica, entre cuxas actividades está a promoción de viaxes adaptadas para estas persoas, para que poidan desfrutar do turismo sen barreiras físicas que llelo impidan.
- En **1984** créase o **primeiro videoxogo dirixido a cegos e deficientes visuais**, una aventura conversacional denominada “*En terra bárbara*”, que contaba a historia dun bárbaro que recorría unha terra fantástica, repleta de monstros, princesas, volcáns en erupción e malvados.
- En **1988** celébranse en Innsbruck, Austria, os “**Primeiros Xogos Paralímpicos de Inverno**”.
- En **1992**, a **ONCE** inaugurou en Madrid o **Museo Tiflolóxico**, co fin de ofrecer ás persoas cegas a posibilidade de acceder a un museo de forma normalizada, sen que a deficiencia visual grave constituíse unha barreira infranqueábel á hora de estudar e desfrutar das pezas.

Pero, sen dúbida, un dos grandes avances no eido do lecer viu da man do **mundo online**: buscadores, páxinas web, chats, servizos de videoconferencia, correo electrónico, etc. Todo isto fixo que a comunicación, a información e o entretemento cambiasen radicalmente. Porén, o camiño non foi sinxelo, **foi necesario moito esforzo para ir facendo progresivamente máis accesíbel a todas as persoas este mundo en liña, e aínda é moito o que queda por mellorar**. Sen ir máis lonxe, algo tan popular como as **redes sociais** segue a presentar problemas de accesibilidade para moitas persoas.



Na última década, o lecer adquiriu un protagonismo especial para as persoas con discapacidade, especialmente nos eidos da **cultura e o turismo**. E isto foi posíbel grazas, por exemplo, ás **signoguías**, uns dispositivos PDA que, a través da lingua de signos e o subtulado, facilitan as explicacións sobre o percorrido dos museos ou os distintos cadros das súas coleccións. Pouco a pouco, os **cinemas e teatros** comezan a ofrecer máis obras **subtituladas e audiodescritas**, para que as persoas cegas e xordas poidan gozar de filmes e representacións. Por outra parte, as nosas **ciudades están cada vez máis concienciadas** e van eliminando as súas barreiras, ofrecendo ás persoas con discapacidade cada día máis ofertas **acesíbeis**: praias, hoteis, paseos polo centro das cidades, transporte público, etc.




**A falta de accesibilidade das redes sociais tamén pode ser un bo tema para o vídeo-traballo dos teus alumnos. Non che parece?**



# ACTIVIDADES

## “LECER”



**Estas actividades non son obrigatorias para participar no concurso.**

Son só unha ferramenta que pretende facilitar aos alumnos a comprensión de como mudou o panorama do lecer nestes 75 anos para as persoas con discapacidade e permitirlles reflexionar sobre aquilo que aínda podemos mellorar entre todos (reflexión que lles facilitará a escolla do tema do vídeo que si debeses presentarnos para participar).



////////////////////////////////////  
**Actividade 1**  
////////////////////////////////////

# “O lecer hoxe”

**Obxectivo:** Investigar sobre as distintas posibilidades de lecer que existen atendendo a todas as discapacidades.

**Área curricular:** Coñecemento do medio; Educación para a cidadanía.

**Duración:** 2 sesións.

## Desenvolvemento da actividade:

Crea pequenos equipos de 3 ou 4 alumnos, ou deixa que sexan eles mesmos os que se agrupen.

Cada equipo deberá facer unha listaxe das 5 actividades de lecer que adoiten levar a cabo no seu tempo libre.

Unha vez que todos os equipos expoñan as súas listas ao resto da clase, o profesor formulará as seguintes cuestións:

- *De todas as opcións de lecer que escribistes, de cales podería desfrutar unha persoa con discapacidade?*
- *Cales deberían deseñarse de forma diferente para seren accesíbeis a todas as persoas? Que habería que cambiar ou adaptar para poder levalas a cabo? Como as deseñariades ou que tipo de adaptación lles incorporariades?*
- *Que ofertas de lecer coñeces na vosa contorna (cinemas, centros comerciais, museos, tendas, polideportivos) que sexan accesíbeis ou estean adaptadas?*

Cada grupo reflexionará sobre estas cuestións e durante o resto do tempo prepararán unha pequena presentación (nun mural ou como prefiran) para a seguinte sesión.





Deberán reflectir que adaptacións serían necesarias para que esas 5 actividades de lecer que escribiron na súa lista fosen accesíbeis para calquera amigo que teña unha discapacidade (deficiente auditivo, deficiente visual, discapacidade motora, xordocegueira, discapacidade psíquica, etc.). Se xa existen alternativas accesíbeis, deberán indicalas tamén. O obxectivo é coñecer que tipos de lecer son accesíbeis ou como se poden facer accesíbeis.

---

**Nota:** Namentres os grupos van traballando, o profesor pode dar pistas se ve que os alumnos están un pouco perdidos ou que non coñecen alternativas de lecer para as persoas con discapacidade.

---

Na seguinte sesión, cada grupo deberá expor o que pensou ao resto da clase.

Para rematar, unha vez que expoñan todos os equipos, o profesor recollerá no encerado as distintas actividades e entre todos votarán e elixirán as 5 actividades de lecer máis accesíbeis.

**Materiais:** Encerado, papel e bolígrafos, cartolinas e rotuladores. Ordenador con acceso a internet para a consulta de información (opcional).

**Conclusiones:** Valorar a necesidade de accesibilidade e integración nas distintas opcións de lecer, para que as persoas con discapacidade poidan desfrutar do mesmo xeito que o fan o resto das persoas.



////////////////////////////////////

## Actividade 2

////////////////////////////////////

# “Escoitando o silencio”

**Obxectivo:** Aprender a gozar da música con ou sen audición

**Área curricular:** Música; Educación para a cidadanía.

**Duración:** 1 sesión.

### Desenvolvemento da actividade:

A música fai parte da vida dos teus alumnos até un punto do que nin eles mesmos son conscientes no seu día a día: a canción de moda, o seu grupo favorito, a melodía apegadiza dun anuncio ou a da serie de debuxos que máis lles gusta. Pero e se careceran do sentido do oído? Xa pensaron algunha vez se unha persoa con discapacidade auditiva pode seguir desfrutando da música?

Esta actividade trata de achegar a música aos alumnos dunha maneira diferente: prescindindo do son!

Recomendámosche introducir a actividade formulando as seguintes cuestións:

- *Gústavos a música? Que tipo de música vos gusta?*
- *Canto tempo adicades a escoitar música cada día? Cando? Onde? Como?*
- *Pensastes algunha vez que fariades se non puidédeses oír?*

Despois o profesor diralles que existen outras formas de experimentar a música e convidaraos a descubrilas: *Queredes probar outras formas de sentir a música?*

- Sentir a música cos ollos: o profesor pedirá 2 voluntarios. Colocaralles uns cascos/auriculares, cada un escoitará unha música diferente e terán que bailar ao ritmo que esta lles suxira. O resto da clase terá que escoller un dos voluntarios, observar e imitar o seu baile sen poder escoitar nada.



- Sentir a música co tacto: pediranse novos voluntarios e cada un deles deberá colocarse tapóns nos oídos. Poráselles música a cada un nun equipo de son e deberán sentir o ritmo da canción tocando os altofalantes (pola vibración do son), tentando descubrir de que canción se trata.

Para finalizar, pódese facer un pequeno debate, formulando estas ou outras preguntas:

- *Como vos sentistes tras esta experiencia?*
- *Erades conscientes de que hai persoas que viven a música de maneira diferente?*
- *Sabiades que existen discotecas pensadas para persoas xordas? Nelas os altofalantes dirixen os graves directamente sobre a pista de baile, para que se poida sentir o ritmo mediante as vibracións.*

**Materiais:** Equipo de música con altofalantes. Reprodutor MP3 ou móbil con auriculares. Tapóns ou auriculares.

**Conclusións:** Valorar o importante que é o sentido do oído e experimentar outras formas distintas de sentir a música (por medio da vista, das vibracións, etc.).



////////////////////

## Actividade 3

////////////////////

# “Exposición de arte”

**Obxectivo:** Fomentar a creatividade dos alumnos, facendo “arte” dunha forma diferente e creando unha exposición accesíbel.

**Área Curricular:** Plástica.

**Duración:** 2 ou máis sesións.

### Desenvolvemento da actividade:

O obxectivo é crear unha exposición de arte accesíbel. Para isto, alén da sesión adicada propiamente a exhibir as obras, o profesor poderá decidir cantas sesións adicar cos seus alumnos á elaboración das propias obras de arte.

O profesor comezará cos seguintes cuestións: *Poden as persoas cegas desfrutar dun museo? Como? Queredes que fagamos unha exposición pensando nelas?*

Cada alumno escollerá unha obra de arte accesíbel (pintura con relevo e texturas, escultura, etc.) que queira crear para a exposición. O profesor pode proporcionarlles pistas e consellos sobre como facelo.

Cando todos acaben as súas pequenas obras de arte, estas poranse en común co resto da clase: facendo primeiro un percorrido cos ollos vendados e despois outro empregando a vista.

Despois porán en común as experiencias vividas. O profesor pode preguntarlles ademais: *Coñeces exposicións deste tipo nos museos? Á parte de obras de arte adaptadas, que outro tipo de adaptacións existen para que as persoas con discapacidade poidan desfrutar dun museo? (audioguías, PDA, etc.)*

Para rematar, suxerimos convidar a visitar a exposición ao resto do colexio e ás súas familias. Intentarase que esta “exposición pública” sexa o máis accesíbel posíbel (canto ao xeito de ofrecer información, por exemplo, evitar as tarxetas pequenas, evitar a falta de contraste



entre a cor da letra e o fondo, etc.; procurando un espazo ao que se poida acceder sen chanzos ou mediante ascensores que cumran a normativa de accesibilidade, portas e espazos amplos, altura de colocación dos cadros e elementos expostos axeitada para todas as persoas, sinalización correcta, etc.). Asemade, poden repetir cos seus visitantes a experiencia de percorrer a exposición cos ollos vendados primeiro e podendo ver despois.

**Materiais:** Calquera material que sirva aos rapaces para facer a súa “obra de arte”: plastilina, xornais, pinturas, etc.

**Conclusións:** Coñecer as adaptacións necesarias para poder facer unha exposición de arte accesíbel. Experimentar e recoñecer cousas sen podelas ver. Reflexionar sobre a discapacidade visual e sobre como facer unha boa inclusión e unha boa oferta de lecer para todos.



////////////////////////////////////  
**Actividade 4**  
////////////////////////////////////

# “Xogos paralímpicos”

**Obxectivo:** Experimentar e coñecer as distintas probas de deporte adaptado. Compartir esta experiencia coa comunidade educativa.

**Área Curricular:** Educación Física; Plástica.

**Duración:** Varias sesións, dependerá do número de xogos escollidos.

## Desenvolvemento da actividade:

A actividade comezará coa explicación dos distintos tipos de deporte adaptado e das paralimpíadas.

A continuación, o profesor decidirá cales están mellor adaptados á idade e características dos seus alumnos e aos medios e instalacións do colexio. Despois, formará equipos de alumnos e animaraos a practicar algúns deles:

- **Baloncesto en cadeira de rodas:** O xogo consiste en xogar ao baloncesto, mais, en troques de facelo da forma tradicional, deberá facerse en cadeiras de rodas (que poden ser substituídas por cadeiras de oficina).
- **Carreiras cego-guía:** Faranse carreiras por parellas onde un deberá ir cos ollos tapados e o outro deberá correr xunta del guiándoo, ben colléndoo polo brazo, ben dándolle consignas verbais ou unido a el por unha corda.
- **Fútbol silencioso:** Consiste en xogar ao fútbol, mais todos deberán facelo con tapóns nos oídos. O árbitro non poderá levar asubío: para indicar as faltas ou deter o xogo, deberá recorrer a algún elemento visual (por exemplo, un pano). Aínda máis importante: os xogadores (mesmo dentro dun equipo) só poderán comunicarse co resto mediante acenos e nunca falando; de xeito que non poderán avisar a un compañeiro berrando “Pásama, estou só!”, nin nada semellante.



- **Fútbol a cegas:** Se no centro educativo, non se dispón do característico balón con axóuxeres dentro co que as persoas invidentes xogan a este deporte, pódese tentar crear unha experiencia semellante para os alumnos mediante globos: chega con introducir 1 ou 2 axóuxeres pequenos nuns globos, despois inchalos e anoalos. todos os xogadores deberán levar os ollos vendados.
- **Voleibol sentado:** Xogarase ao voleibol con todos os xogadores sentados no chan. A rede, naturalmente, terá que colocarse máis baixa.
- **Carreiras á pata coxa:** Como o seu nome indica, faranse carreiras onde todos os alumnos terán que correr á pata coxa.
- **Carreiras de relevos:** Organizaranse grupos de catro alumnos onde cada un terá que asumir o rol dunha persoa con discapacidade: un levará tapóns nos oídos, outro os ollos vendados, outro irá en cadeira de rodas e outro levará as mans atadas ás costas. Nesta situación terán que facer unha carreira de relevos.

Ao finalizar os xogos, farase unha posta en común e os alumnos reflexionarán sobre como se sentiron ao experimentaren o deporte en situación de discapacidade, se lles resultou difícil, se cren que aínda así o deporte é divertido, etc.

### Idea!

Por que non organizas cos teus alumnos unha xornada de portas abertas de xogos paralímpicos, para que os país e outros alumnos do centro poidan vivir tamén esta experiencia?

De xeito paralelo, na área de plástica poden traballar creando «medallas» (de cartolina, plástico, etc.), para entregar a todos os participantes. Ao crealas, poderían ter en conta a aplicación de texturas, de constrastes de cores, palabras en braille, etc.




**Materiais:** Cadeiras de oficina con rodas para o baloncesto adaptado, cordas para a carreira cego-guía, panos para os “invidentes”, tapóns para os “deficientes auditivos”, panos para atar as mans ás costas, testemuñas para a carreira de relevos, pelota de baloncesto, pelota de fútbol e rede de voleibol.

Se creades medallas, precisaredes diversos materiais de plástica: tesoiras, cores, cartolinas, etc

**Conclusións:** Vivir e experimentar o espírito de superación e colaboración no deporte. Recoñecer o dereito e a necesidade das persoas con discapacidade de poder practicar deportes.







# 75 años de avances NA TECNOLOXÍA



# 75 anos de avances na tecnoloxía

O derradeiro obxecto que os protagonistas atopan no misterioso faiado do avó é unha vella **radio**. Pouco ten que ver cos avanzados equipos de son que temos hoxe na casa nin cos actuais sistemas de radio integrados nos nosos pequenos e cómodos teléfonos móbiles.

Un aparello que non foi concibido especificamente para persoas invidentes mais que mudou a vida de moitas delas. Esta radio é un símbolo doutro dos grandes eidos de que queremos falarvos neste percorrido de 75 anos de avances no mundo da discapacidade: **a tecnoloxía**. Un campo tremendamente extenso e inabarcábel nesta unidade didáctica, pero do que queremos ofrecervos unhas pinceladas que vos permitan coñecer algúns dos avances que marcaron as nosas vidas nestes 75 anos, xa fosen dirixidos especificamente ás persoas con discapacidade, xa fosen invencións xenéricas das que as persoas con discapacidade tamén se puideron beneficiar.

## Tecnoloxía, necesidade e discapacidade

Podemos definir a **tecnoloxía** como o conxunto dos coñecementos técnicos que nos permiten crear bens e servizos que facilitan a adaptación ao medio e a satisfacción tanto das necesidades esenciais como dos desexos das persoas.

Adóitase dicir que as persoas con discapacidade teñen “necesidades especiais”. Porén, o certo é que **as persoas con discapacidade teñen necesidades comúns a todos** (educación, traballo, lecer, etc., tal e como estades podendo comprobar nesta unidade didáctica), pero para satisfacelas **necesitan que todo se deseñe pensando na diversidade humana e, ás veces, que se incorporen axudas ou adaptacións específicas**.



## 75 anos de tecnoloxías que cambiaron a discapacidade

Falar de todos os avances tecnolóxicos que marcaron nestes 75 anos as vidas das persoas con discapacidade sería practicamente imposíbel. Non obstante, convidámosvos a que nos acompañedes nunha rápida viaxe no tempo para coñecerdes algúns deles:

- O primeiro avance tecnolóxico que encontramos na década do nacemento da ONCE xorde en Europa en **1932**: a primeira **cadeira de rodas** tal e como a coñecemos hoxe, pregábel e tubular. Até entón, existiran cadeiras de mans con carrexadores e mesmo modelos moi rudimentarios e incómodos de cadeiras de rodas, mais só estaban ao alcance de persoas de alto nivel económico. Co tempo, esta útil ferramenta para as persoas con mobilidade reducida foise xeralizando e perfeccionando, con materiais máis lixeiros e resistentes e diversas adaptacións segundo o seu uso: modelos para practicar deporte, modelos motorizados, etc
- En **1940** aparecen os primeiros “**dispositivos de peto para xordos**”, que permitían oír a aqueles que tiñan restos de audición.
- Por outra banda, aínda que o alfabeto braille para invidentes existía desde 1825, foi en **1945** cando apareceron as **máquinas de Braille e a liña Braille**, facilitando notabelmente o acceso á información, á educación e á comunicación. Isto permitiu, entre outras cousas, aumentar a produción de libros e documentos para invidentes, dando lugar posteriormente a centros de produción como a Rede do Servizo Bibliográfico da ONCE (a máis densa do mundo no seu eido, con centros de produción en Madrid e Barcelona).
- Os dispositivos de peto para persoas con discapacidade auditiva seguiron mellorando e en **1960** aparecen os **audífonos retroauriculares**, máis potentes, cun tamaño máis reducido e máis fáciles de levar. Esta progresiva redución, na que aínda se segue traballando, supón non só unha maior comodidade e autonomía no día a día destas persoas, senón que tamén inflúe na súa autoestima.
- En **1962** créanse os **libros falados para invidentes**, un avance tecnolóxico importante, que lles posibilitaba acceder á información con outro sistema alén do Braille, podendo escoitar textos narrados por locutores ou familiares en cintas abertas.



- En **1970**, coa expansión de todo o audiovisual, comezan a aparecer as primeiras **audiodescripcións**, que consistían en presentar en audio ás persoas invidentes a descrición das imaxes e situacións. A ONCE tivo un papel moi importante no desenvolvemento deste tipo de axuda, tendo realizado diversos estudos e investigacións para a súa mellora. Na actualidade, é o sistema que se emprega no cinema adaptado para persoas con discapacidade visual, en obras de teatro, en series para a televisión, en museos, en exposicións, etc
- En **1977** aparece o “**Optacón**”, un aparello compacto e portátil que axuda ao invidente a ler calquera texto impreso. Este acontecemento marca o punto de inicio da historia da tiflotecnoloxía en España e permite acceder ás novas tecnoloxías mediante equipos específicos ou adaptacións, de acordo coas necesidades ou obxectivos de cada usuario.
- Aínda que en Europa xa se levaba a cabo desde 1957, en **1985** faise en España o primeiro **implante coclear**. Consiste no implante cirúrxico dun pequeno dispositivo electrónico que axuda ás persoas xordas a escoitar, superando os límites dun audiófono externo común.
- Tamén en **1985** nace a **Unidade Tiflotécnica da ONCE**, que en 2000 pasou a denominarse **CIDAT (Centro de Investigación, Desenvolvemento e Aplicación Tiflotécnica)**, cuxo obxectivo principal é proporcionar os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento nos eidos laboral, educativo, do lecer e da vida cotiá.
- En **1988** comeza a emitirse o **Teletexto**, un servizo de información en forma de texto que se emite xunto co sinal de televisión. A principal finalidade deste sistema, alén de informar, consistía en prestar un servizo ás persoas con discapacidade auditiva. Deste xeito, a partir de 1990 comezaron a crearse subtítulos para os principais programas de televisión.
- En **1989**, ante a preocupación pola adaptación da tecnoloxía nos fogares das persoas con discapacidade, créase o **Centro de Referencia Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas**, cuxa misión é contribuír a facer efectivos os dereitos das persoas con discapacidade e das persoas maiores, a través da accesibilidade integral, dos produtos e tecnoloxías de apoio e do deseño pensado para todas as persoas.



- En **1990**, a raíz da imparábel popularización de internet, créase o software Jaws para invidentes: un explorador de pantalla que verbalizaba a información escrita e que permitiu ás persoas cegas o acceso ao ordenador, que por aquel entón era principalmente gráfico e inaccesíbel para estas persoas.
- En **1996**, créase o **Centro de Intermediación**, un servizo que facilita a comunicación das persoas xordas, con discapacidade auditiva e/ou de fonación (que son usuarias de teléfonos de texto, teléfonos móbiles, fax, correo electrónico ou videoconferencia) con persoas oíntes e servizos que utilizan teléfonos convencionais.

Nos últimos anos multiplicáronse estes avances: casas domotizadas que permiten ás persoas con discapacidade levar unha vida totalmente independente, prototipos de coches que poden ser conducidos por invidentes, etc.

Porén, existen dous grandes avances tecnolóxicos que mudaron a vida de todas as persoas: **internet** (coas súas múltiples ferramentas de buscadores, chats, correo electrónico, redes sociais, etc.) e os **teléfonos móbiles**. Dous avances tecnolóxicos tremendamente útiles e que marcan o noso día a día, mais que aínda **deben seguir perfeccionándose para seren accesíbeis a todas as persoas**. Aínda que pouco e pouco van xurdindo aplicacións enfocadas á súa adaptación para persoas con discapacidade (visual, auditiva, etc.), aínda queda traballo por facer.

Queredes axudarnos?




//////////  
**Algún destes  
asuntos pode ser  
un bo tema para o  
vídeo-traballo dos  
teus alumnos.**  
//////////

//////////  
**“Un nunca se decatado que se fixo, só pode ver o que queda por facer”.**  
**- Madame Curie -**  
//////////



# ACTIVIDADES

## “TECNOLOXÍA”



**Estas actividades non son obrigatorias para participar no concurso.**

Son só unha ferramenta que pretende facilitar aos alumnos a comprensión de como a tecnoloxía cambiou a vida das persoas con discapacidade nestes 75 anos e permitirlles reflexionar sobre aquilo que aínda podemos mellorar entre todos (reflexión que lles facilitará a escolla do tema do vídeo que si debes presentarnos para participar.

////////////////////  
**Actividade 1**  
////////////////////

# “Unha casa adaptada”

**Obxectivo:** Descubrir a tecnoloxía que existe nos fogares dalgunhas persoas con discapacidade e que lles permite levar unha vida independente.

**Área Curricular:** Coñecemento do medio.

**Duración:** 1 sesión.

## Desenvolvemento da actividade:

O profesor comezará a sesión formulando aos alumnos preguntas que os leven a reflexionar sobre se poderían levar unha vida normal e independente nas súas casas se tivesen algunha discapacidade::

- *Poderíades subir e baixar ao voso andar sen axuda cunha cadeira de rodas?*
- *Como escolleríades que roupa pór se fosedes invidentes?*
- *Como saberíades que hora é para non chegar tarde aos sitios?º*

Cada grupo reflexionará sobre estas cuestións e durante o resto do tempo prepararán unha pequena presentación (nun mural ou como prefran) para a seguinte sesión.

Despois procederase a ver na aula o audiovisual da ONCE:



“Una casa adaptada”: ([www.once.es/new/mas-videos/48.-201cuna-casa-adaptada201d/?searchterm=una%20casa%20adaptada](http://www.once.es/new/mas-videos/48.-201cuna-casa-adaptada201d/?searchterm=una%20casa%20adaptada))



- *Coñeciades a existencia dos recursos tecnolóxicos que aparecen no vídeo?*
- *Coñecedes algún máis?*

Despois divídese a clase en equipos de 3 ou 4 alumnos. A cada equipo asígnaselle un número do 1 ao 3

1. Os equipos co número 1 deberán pensar na casa dunha persoa con discapacidade auditiva: *Que dificultades encontra na súa vida cotiá dentro da casa desde que se ergue até que se deita? Pode usar un despertador? Como sabe se están chamando á súa porta?* Despois deberán pensar en posíbeis solucións para cada dificultade.
2. Os equipos co número 2 deberán pensar na casa dunha persoa con discapacidade visual: *Que dificultades encontra na súa vida cotiá dentro da casa desde que se ergue até que se deita? Pode usar a televisión? E o ordenador? Como se desenvolve na cociña?* Despois deberán pensar en posíbeis solucións para cada dificultade.
3. Os equipos co número 3 deberán pensar na casa dunha persoa con discapacidade física: *Que dificultades encontra na súa vida cotiá dentro de casa desde que se ergue até que se deita? Como baixa á rúa e sobe á casa? Como se ducha? Pode usar a cociña?* Despois deberán pensar en posíbeis solucións para cada dificultade

Ao rematar, porán en común todas as ideas que se lles ocorresen para mellorar a vida destas persoas, comentando as súas vantaxes e inconvenientes, cales foron as solucións en que máis coincidiron os equipos que tiñan a mesma tarefa, cal foi a idea máis orixinal que se lles ocorreu, etc.

**Materiais:** Ordenador con conexión a internet para ver o audiovisual, bolígrafo e papel.

**Conclusións:** Ser conscientes do importante que é a tecnoloxía para as persoas con discapacidade nun espazo coma o fogar, onde pasamos tantas horas e no que deberíamos sentirnos máis cómodos que en ningún outro lado.





////////////////////////////////////  
**Actividade 2**  
////////////////////////////////////

# “A información no mando”

**Obxectivo:** Coñecer formas de acceso á información para as persoas con deficiencia auditiva.

**Área curricular:** Coñecemento do medio.

**Duración:** 2 sesións.

## Desenvolvemento da actividade:

Na primeira sesión, o profesor comezará preguntando aos seus alumnos se saben o que é o teletexto, unha tecnoloxía que vén de serie practicamente en calquera televisor actual e que moitos terán nos seus fogares.

Despois, o profesor pode completar a explicación dos alumnos cunha pequena presentación da súa orixe, utilidade e funcionamento, para que os alumnos o coñezan mellor:

---

O **teletexto** é un servizo de información en forma de texto, que se emite xunto co sinal de televisión, coa finalidade de axudar ás persoas con discapacidade auditiva: ofrece información (noticias de actualidade, deportes, programación televisiva, meteoroloxía) e permite ademais a emisión de subtítulos sincronizados con determinados programas e filmes.

En España, TVE comezou a emisión de probas co Mundial do 82, mais até 1988 non comezou coa súa emisión constante. Comezáronse a emitir programas subtitulados en 1990. Logo se sumaron o resto das cadeas e actualmente a totalidade dos televisores que se venden incorporan este sistema.

---



Despois, o profesor convidaraos a realizaren unha proba nas súas casas, onde terán que empregar este servizo e buscar determinada información:

- Unha nova de actualidade.
- O horario da súa serie favorita e a sinopse do vindeiro capítulo
- Buscar o xeito de activar os subtítulos.

Na segunda sesión, farase a posta en común do que experimentaron na casa e rematarase facendo unha reflexión con axuda dunha serie de preguntas

- *Que pensabades do teletexto antes de usalo?*
- *Usarádolo antes algunha volta?*
- *Resultouvos sinxelo de utilizar?*
- *Que vantaxes e inconvenientes lle encontrastes?*
- *Védeslle máis sentido ao teletexto agora, sabendo para que serve e a quen se dirixe esta tecnoloxía?*
- *Como credes que se podería mellorar?*

**Materiais:** Televisor con teletexto (se algún alumno non tivese na súa casa, pode xuntarse con algún compañeiro que si que teña).

**Conclusións:** Aprender a usar o teletexto e valorar a importancia desta tecnoloxía para as persoas con deficiencia auditiva.



////////////////////  
**Actividade 3**  
////////////////////

# “Adaptando o meu ordenador”

**Obxectivo:** Coñecer e experimentar que recursos precisan e como poden acceder as persoas con discapacidade visual aos usos que proporciona o ordenador.

**Área curricular:** Coñecemento do medio.

**Duración:** 1 sesión (na sala de informática, se non se dispón de ordenadores na aula).

## Desenvolvemento da actividade:

Comezarase preguntando aos alumnos:

- *Cantos usades o ordenador polo menos unha vez ao día? Cantos o usades polo menos unha vez á semana?*
- *Para que o utilizades?*
- *Pensastes algunha vez como usa o ordenador unha persoa con discapacidade visual?*

Despois, o profesor falaralles dalgúns dos principais recursos tecnolóxicos dirixidos a este fin:

---

**Un lector de pantalla,** é unha aplicación que reproduce en voz sintetizada os contidos dos programas que unha persoa cega vai empregar na computadora.

**Un magnificador de pantalla** está dirixido ás persoas con visión baixa, que non poden ver o tamaño normal dos caracteres dunha computadora, mais con restos de visión abondo para ver eses caracteres agrandados. Estes programas son moi versátiles e funcionáis para as persoas con visión baixa, e están dispoñíbeis para os principais sistemas operativos na maioría dos ordenadores do mercado.



**Un sintetizador de voz é un programa que pode converter calquera texto en voz.**

Tras a explicación, sería recomendábel que o profesor lles amosase o seu funcionamento nun ordenador (onde previamente haberá de instalar os programas necesarios e haberá de practicar uns minutos con eles).

- **Sintetizador de voz:** Acceder á páxina [www.sodels.com](http://www.sodels.com), onde se poderá descargar o SodelsCot. Unha vez descargado, poderase converter calquera texto en voz (o texto pode proceder de editores, navegadores, libros dixitais, correos electrónicos, etc.). Ten voces TTS de español-castelán e pode empregar voces TTS doutros fabricantes en calquera lingua, ten funcións para deter, facer unha pausa/continuar, repetir a última lectura, etc. A instalación é rápida e o seu uso, sinxelo.

- **Magnificador de pantalla:** Os sistemas operativos Windows 7 e Vista xa teñen integrado o seu propio magnificador de pantalla. Este permite un acceso básico ás aplicacións, incluíndo a magnificación a pantalla completa e o seguimento do rato e do teclado cando se estea escribindo.

Comandos básicos do magnificador en Windows 7:

Para activar o magnificador en Windows 7, débense premer ao mesmo tempo a tecla de Windows e o signo de suma no teclado numérico.

Para desactivar o magnificador, débense premer ao mesmo tempo a tecla de Windows e a tecla Esc.

Para aumentar o nivel de magnificación, débense premer ao mesmo tempo a tecla de Windows e o signo de suma no teclado numérico.

Para reducir o nivel de magnificación, débense premer ao mesmo tempo a tecla de Windows e o signo de resta no teclado numérico.

Para cambiar o contraste de cores, débense premer ao mesmo tempo a tecla de Windows e a letra “i” .



Hai tamén outras alternativas que se poden instalar en Windows, como por exemplo, os programas:

**Magic:** Pódese conseguir unha proba funcional de 40 minutos da súa última versión ([www.freedomscientific.com](http://www.freedomscientific.com)).

**Zoomtext Xtra:** Pódese conseguir unha proba funcional de 30 días da súa última versión ([www.aisquared.com](http://www.aisquared.com)).

**Supernova:** Demo funcional durante 40 minutos da súa última versión ([www.dolphinusa.com](http://www.dolphinusa.com)).

*Posta en común: Que vos pareceron estes recursos? Cedes que é importante traballar para que as persoas con problemas de visión poidan empregar o ordenador?*

Finalmente, o profesor pode convidar os rapaces a probar persoalmente estas ferramentas nos ordenadores das súas casas.

**Materiais:** Ordenadores con acceso a internet; software indicado na explicación da actividade.

**Conclusións:** Coñecer e valorar as dificultades e os recursos informáticos que teñen as persoas con discapacidade visual para desfrutar do ordenador.



////////////////////

## Actividade 4

////////////////////

# “Por fin me decato”

**Obxectivo:** Ser conscientes do importante que é a accesibilidade nos medios audiovisuais e aprender como facer máis accesíbel o vídeo-traballo que se deberá presentar ao concurso

**Área Curricular:** Coñecemento do medio; Lingua.

**Duración:** 2 sesións, unha para o filme subtulado e outra para o filme con audiodescrición.

### Desenvolvemento da actividade:

O traballo que os alumnos deben presentar este ano é un vídeo. Porén, este formato precisa de certas adaptacións que o volvan máis accesíbel para as persoas con discapacidade auditiva ou discapacidade visual. **Saberán como facelo?**

O profesor levará á aula o televisor e o reprodutor DVD. Despois, porá un filme ou documental que dispoña da posibilidade de activar e desactivar subtítulos.

Inicialmente, sen lles explicar nada, os primeiros 2-5 minutos os alumnos verán o vídeo sen son nin subtítulos, só a imaxe. Protestarán, dirán que non se oe... pero o profesor non debe reaccionar.

Tras este breve visionamento, pediráselles que resuman un pouco o que entenderon.

A continuación, poráselles de novo o mesmo anaco de filme, tamén sen son, mais desta vez activaranse os subtítulos.

Despois, preguntárselles se entenderon algo máis, se lles custou seguir as escenas e os subtítulos ao mesmo tempo, etc.

Por último, porase outra vez o mesmo fragmento, mais co son e os subtítulos.



Finalmente, farase unha posta en común para reflexionar sobre a experiencia.

Na segunda sesión propomos ir máis lonxe e ensinar aos alumnos o que é a audiodescripción: breves narracións que se fan nas escenas non faladas para que as persoas con discapacidade visual saiban o que está acontecendo no vídeo nese momento..

Para iso podedes atopar recursos e exemplos en internet. Nós propómosvos este exemplo do filme de animación con audiodescripción



“Buscando a Nemo”: [www.youtube.com/watch?v=mBPFdtBG6hs](http://www.youtube.com/watch?v=mBPFdtBG6hs)


Tras o visionamento, farase a reflexión e posta en común final:

- *Como pensabades antes que as persoas con discapacidade visual disfrutaban dos filmes?*
- *Considerades importante que todos os filmes incorporen estes sistemas para persoas con discapacidade auditiva ou discapacidade visual?*
- *Que poderiades facer vós para gravar un vídeo accesíbel?*

**Materiais:** Ordenador con conexión a internet, televisión con DVD

**Conclusións:** Destacar a importancia da accesibilidade. Tras esta experiencia, convidarase aos alumnos a que tenten facer os seus vídeo-traballos para o concurso o máis accesíbeis que lles sexa posíbel: unha voz en off que narre o que está a acontecer cando non haxa diálogos, empregar un programa para introducir subtítulos ou que os personaxes saian levando carteis co texto do que din, etc.





para  
**SABER MÁIS**



*¡guauuuuuuuuuuuuuuu!*



TECNOLOXÍA DE FITOS

Discapacidade visual

	tecnoloxía	educación/traballo	ocio
DÉCADA 1930		<ul style="list-style-type: none"> <li>Nace a ONCE (1938).</li> <li>Cupón da ONCE con carácter provincial (1939).</li> <li>Escolas especiais.</li> </ul>	
DÉCADA 1940	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máquinas de Braille e liña Braille (1945).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración dos dereitos humanos da ONU (1948).</li> </ul>	
DÉCADA 1950		<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvólvese a venda de cupóns, obradoiros de artesanía, fábricas de caramelos.</li> </ul>	
DÉCADA 1960	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libros falados (1962).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación de centros de formación e emprego como unha Escola de Telefonía, un Centro de Formación Profesional ou a Escola Universitaria de Fisioterapia.</li> <li>EDUCACIÓN: centros educativos, servizos sociais de rehabilitación, bibliotecas braille e sonora.</li> </ul>	
DÉCADA 1970	<ul style="list-style-type: none"> <li>Audiodescripción.</li> <li>Nace a tiflotecnoloxía.</li> <li>“Optacon”.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EDUCACIÓN: primeiros intentos de integración escolar de alumnos con discapacidade visual en centros ordinarios e a creación de equipos de apoio ao ensino integrado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Primeira participación de persoas con deficiencia visual nas “Paraolimpíadas Toronto 76” (goalball).</li> </ul>



## EDUCACIÓN PRIMARIA E ESPECIAL

<p><b>DÉCADA 1980</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Telelupa (1983).</li> <li>• Primeiro equipo de edición electrónica e de textos en braille denominado VersaBraille.</li> <li>• En 1985, ONCE crea o Centro de Investigación, Desenvolvemento e Aplicación Tiflotécnica (CIDAT), para procurar aos seus afiliados os medios técnicos precisos para o seu desenvolvemento global, laboral, educativa e socialmente integrados.</li> <li>• Nace co nome de COBRA o primeiro software español dedicado á tiflotecnoloxía.</li> <li>• Software: Braille'n Speak ou Braille Falado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En 1982 apróbase a Lei de integración social das persoas con discapacidade (LISMI).</li> <li>• Cupón da ONCE con carácter nacional (1984).</li> <li>• Creación da Fundación ONCE (1988).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O primeiro videoxogo dirixido a cegos e deficientes visuais, unha aventura conversacional titulada "En tierra bárbara".</li> </ul>
<p><b>DÉCADA 1990</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Software Jaws.</li> <li>• Primeira impresora braille española, denominada IMPACTO.</li> <li>• O 13 de decembro de 1995 nace Tiflonet, o primeiro sitio web dedicado á tiflotecnoloxía en España.</li> <li>• Sonorización de semáforos controlada con mando por radiofrecuencia.</li> <li>• Dótase de voz a termómetros, glicómetros e outros útiles aparatos para o control persoal do estado de saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nacemento da Corporación Empresarial ONCE (CEOSA) en 1993.</li> <li>• Creación en 1998 da FOAL (Fundación ONCE para a Solidariedade con Persoas Cegas de América Latina).</li> <li>• Inauguración das instalacións da Escola de Cans guía en 1999.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En 1993 nace a Federación Española de Deportes para Cegos (FEDC)</li> <li>• Campionatos do mundo de deportes para cegos 1998-2003.</li> <li>• Radiofónico dedicado á divulgación pedagóxica da tiflotecnoloxía (UTT; 1993). Tras un ano en probas, en novembro de 1993 nace "Tiflotecnia", o primeiro programa radiofónico.</li> </ul>



## PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EDUCATIVA

DÉCADA 2000			
	<ul style="list-style-type: none"><li>• O primeiro lector de pantalla para teléfonos móbiles fabricado en España, Mobile Accessibility de Code Factory.</li><li>• Un GPS portátil que funciona por voz, 2009.</li><li>• Telefonía móbil 3 GR accesible (videochamadas, lector de pantalla, zoom, teclado liña braille).</li><li>• Sonorización de semáforos controlada con mando por bluetooth.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 51/2003 do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade.</li><li>• Artigo 30 da Convención das Nacións Unidas 2006.</li><li>• En 2007 nace a Fundación ONCE para a Atención de Persoas con xordocegueira.</li><li>• En 2012, a Dirección de Educación, Emprego e Promoción Cultural da ONCE crea MEKANTA, unha ferramenta de aprendizaxe do teclado do ordenador para nenos con cegueira ou deficiencia visual a partir de cinco anos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Xorden varios xogos accesibles para nenos con discapacidade visual: La pulga Leocadia, El árbol mágico de las palabras e El caracol Serafín.</li></ul>



## Discapacidade Auditiva

	tecnoloxía	educación/traballo	ocio
DÉCADA 1930		<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación en 1936 da Confederación Nacional de Xordomudos de España (CNSE).</li> </ul>	
DÉCADA 1940	<ul style="list-style-type: none"> <li>Primeiros audiófonos de peto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU (1948).</li> </ul>	
DÉCADA 1950	<ul style="list-style-type: none"> <li>Primeiro teléfono de texto para persoas xordas: Telescrit 1005.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1955, o Comité Olímpico Internacional recoñece por primeira vez os Xogos Mundiais para Xordos.</li> </ul>
DÉCADA 1960	<ul style="list-style-type: none"> <li>Audiófono retroauricular.</li> </ul>		
DÉCADA 1970		<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1978 nace a Confederación Española de Familias de Persoas Xordas.</li> </ul>	
DÉCADA 1980	<ul style="list-style-type: none"> <li>Primeiro implante coclear en España (1985).</li> <li>Primera emisión de Teletexto en TVE (1988).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1982 apróbase a Lei de integración social das persoas con discapacidade (LISMI).</li> </ul>	
DÉCADA 1990	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emisión dos primeiros programas subtítulados en España.</li> <li>En 1990, o Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) asinou un acordo de colaboración xunto coa CNSE e a FIAPAS, para que ambas as dúas entidades distribuísen terminais do equipo Videotext Amper.</li> <li>Dispositivo Telefónico para Xordos (DTS) 1991.</li> <li>Internet (1995)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1993, a ONU aproba unhas normas uniformes sobre igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.</li> <li>Real Decreto 2060/1995. Créase o perfil profesional de intérprete de lingua de signos</li> <li>Desenvolvemento innovador de experiencias de educación bilingüe (lingua oral e lingua de signos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Audifono Retroauricular</li> </ul>



## PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EDUCATIVA

DÉCADA 2000		<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 51/2003 do 2 de decembro de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade.</li><li>• Artigo 30 da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006).</li><li>• Lei pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas con discapacidade auditiva e xordocegas (2007).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Redes Sociais .</li></ul>
-------------	--	--	---



## Discapacidade Xordoceguera

	tecnoloxía	educación/traballo	ocio
DÉCADA 1940		<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración dos dereitos humanos da ONU (1948).</li> </ul>	
DÉCADA 1980		<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1982 apróbase a Lei de integración social da persoa con discapacidade (LISMI).</li> </ul>	
DÉCADA 1990	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación de sistemas alternativos de comunicación DACTYLS 2000.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Real Decreto de 2060/1995: recoñécese o perfil profesional de guía intérprete.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APASCIDE (Asociación Española de padres de sordociegos ) 1991.</li> <li>ASOCIDE (Asociación de sordociegos de España) 1993.</li> </ul>
DÉCADA 2000	<ul style="list-style-type: none"> <li>Telefonía móbil 3G accesible (videochamadas, lector de pantalla, zoom, teclado liña braille).</li> <li>Inauguración en Sevilla do Centro Santa Ángela de la Cruz, unha residencia completamente adaptada a alumnos xordocegos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ley 51/2003 do 2 de decembro de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade para as persoas con discapacidade.</li> <li>Artigo 30 da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006).</li> <li>Lei 27/ 2007 de Recoñecemento da lingua de signos española e regulación dos medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidade auditiva e xordocegueira.</li> <li>Creación do primeiro centro de educación de adultos xordocegos e residencia de España. (2010).</li> <li>2012: por primeira vez, unha persoa xordocega conxénita remata en España a carreira universitaria.</li> </ul>	



**Discapacidade Física**

	tecnoloxía	educación/traballo	ocio
DÉCADA 1930	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeira patente de cadeira de rodas con motor.</li> </ul>		
DÉCADA 1940		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración dos dereitos humanos da ONU (1948)</li> </ul>	
DÉCADA 1960			<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Olimpíadas para persoas con discapacidades”, deportes de verán. “Roma 60”.</li> <li>• 1968 Tel-AVIV primeira participación de España en natación.</li> </ul>
DÉCADA 1970	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O desenvolvemento de sistemas de deseño por ordenador e a súa progresiva aplicación á fabricación de produtos supuxo un grande avance no desenvolvemento de órteses e próteses.</li> <li>• Comezan a fabricarse cadeiras de rodas de aluminio e outros materiais lixeiros</li> </ul>		
DÉCADA 1980	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comeza a empregarse fibra de carbono e outros materiais lixeiros na fabricación de próteses.</li> <li>• En 1980 nace a Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica (COCEMFE).</li> <li>• En 1984 nace a Confederación Española de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE).</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeiros xogos paralímpicos de inverno “Innsbruck 88”.</li> <li>• 1984 Denominación de “Xogos Paralímpicos”.</li> </ul>



## EDUCACIÓN PRIMARIA E ESPECIAL

<p><b>DÉCADA 1990</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comézase a incorporar microprocesadores ás próteses, que facilitan movementos ata entón imposibles de acadar.</li> <li>• Primeiros eurotaxis e implantación do sistema.</li> <li>• Primeiros autobuses de plataforma baixa e implantación como sistema de transporte urbano</li> </ul>		
<p><b>DÉCADA 2000</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Piso piloto de ASPACE (Barcelona), primeiro piso domotizado para persoas con discapacidade motora e/ou cognitiva.</li> <li>• Avances na interacción co ordenador a través de interfaces de control mediante a cabeza, os ollos...</li> <li>• Máis do 30% da poboación actual presenta discapacidade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ley 51/2003 do 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade para as persoas con discapacidade.</li> <li>• Real Decreto 505/2007 do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.</li> <li>• Artigo 30 da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006).</li> </ul>	





**Discapacidad Psíquica**

	tecnoloxía	educación/trabaja	ocio
DÉCADA 1940	<ul style="list-style-type: none"> <li>A finais da década créase o sistema simbólico visual Bliss.</li> </ul>		
DÉCADA 1950			<ul style="list-style-type: none"> <li>A finais da década comeza a creación de asociacións constituídas por familiares de nenos con discapacidade intelectual.</li> </ul>
DÉCADA 1960		<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1964 nace a Confederación Española de Organizacións en favor das persoas con discapacidade intelectual (FEAPS).</li> <li>FEAPS organiza en 1968 por primeira vez o Día Nacional do Subnormal (terminoloxía empregada na época).</li> </ul>	
DÉCADA 1970		<ul style="list-style-type: none"> <li>Comeza a elaboración do Plan Nacional de Educación Especial 1978.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entran en funcionamento en España os primeiros clubs de ocio para “deficientes mentais”.</li> </ul>
DÉCADA 1980		<ul style="list-style-type: none"> <li>TRABALLO: regúlanse os Centros Especiais de Emprego, os centros ocupacionais e a relación laboral de carácter especial, 1985.</li> <li>A Administración cambia oficialmente os termos subnormal e subnormalidade polos de persoa discapacitada e minusvalía (en castelán) 1986</li> </ul>	
DÉCADA 1990		<ul style="list-style-type: none"> <li>En 1991 nace a Federación Española de Síndrome de Down.</li> <li>En 1994 constitúese a Confederación de asociacións protectoras das persoas con Autismo do Estado Español.</li> </ul>	



## EDUCACIÓN PRIMARIA E ESPECIAL

<p>DÉCADA 2000</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• En 2004 nace ACCEDO, un portal web accesible, con funcionalidades 2.0 e de rede social para persoas con discapacidade intelectual leve.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 51/2003 de 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade para as persoas con discapacidade</li><li>• Artigo 30 da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006).</li></ul>	
--------------------	---	--	--



## LEGER E DISCAPACIDADE:

Fundación deporte e desafío: <http://www.deporteydesafio.com/>

Deportes e discapacidade: <http://www.efdeportes.com/efd43/discap>

Fundación También, deportes adaptados: <http://www.tambien.org/>

Páxina web do comité paralímpico español: <http://www.paralimpicos.es/publicacion/>

Observatorio estatal da discapacidade:

<http://www.observatoriodeladiscapacidad.es/temas/ocio>

Discapnet, o portal das persoas con discapacidade: [www.discapnet.es](http://www.discapnet.es)

Turismo accesíbel: :

[http://www.turismoaccesible.org/index.php?option=com\\_docman&Itemid=82](http://www.turismoaccesible.org/index.php?option=com_docman&Itemid=82)

<http://www.todospodemosviajar.com/>

<http://www.cermi.es/es-ES/ColeccionesCermi/Cermi.es/Lists/Coleccion/Attachments/51/4TurismoAccesible.pdf>

Lázaro Fernández, Y (coord.) (2004). “Ocio, Inclusión y discapacidade”. Bilbao: Universidad de Deusto.

Madariaga Ortuzar, Aurora. “Ocio y Discapacidade: El Reto de la Inclusion”. Instituto de Estudios de Ocio. [http://www.joveselx.com/dinamia/archivos/documentosdinamia09/Texto\\_Aurora\\_Madariaga.pdf](http://www.joveselx.com/dinamia/archivos/documentosdinamia09/Texto_Aurora_Madariaga.pdf)

De Diego Alonso, Cristina y Calvo Til, M<sup>a</sup> Jesús. “Escuela Deporte y Discapacidade”. Universitaria de Ciencias de la Salud Universidad de Zaragoza. <http://es.scribd.com/doc/101988608/Deporte-y-Discapacidade>

Modelo de Servicio de Ocio de FEAPS. [http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CEkQFjAA&url=http%3A%2F%2Fwww.feaps.org%2Farchivo%2Fcentro-documental%2Fdoc\\_download%2F337-modelo-de-servicio-de-ocio-de-feaps-madrid.html&ei=JBrOT8G-IsOyOQWaq4yIBw&usg=AFQjCNGiVGsdNuZTKcDHWDih0GhcoXG5eQ&sig2=-U77F1w8efbxOjOOpUAHZA](http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CEkQFjAA&url=http%3A%2F%2Fwww.feaps.org%2Farchivo%2Fcentro-documental%2Fdoc_download%2F337-modelo-de-servicio-de-ocio-de-feaps-madrid.html&ei=JBrOT8G-IsOyOQWaq4yIBw&usg=AFQjCNGiVGsdNuZTKcDHWDih0GhcoXG5eQ&sig2=-U77F1w8efbxOjOOpUAHZA)



### TECNOLOXÍA E DISCAPACIDADE:

Discapnet, o portal das persoas con discapacidade: [www.discalpnet.es](http://www.discalpnet.es)

Cidat: Centro de Investigación, Desenvolvemento e Aplicación Tiflotécnica :  
<http://cidat.once.es/>

Centro de Referencia Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas (Ceapat):  
[www.ceapat.es](http://www.ceapat.es)

Koon, Ricardo A. y de Vega, M<sup>a</sup> Eugenia. El impacto tecnolóxico en las personas con discapacidade. <http://diversidad.murciaeduca.es/tecnoneet/docs/2000/14-2000.pdf>

Doménech Riera, Xavier. Historia de la Tiflotecnología en España.  
<http://www.nosolousabilidad.com/articulos/tiflotecnologia.htm>

Vivendas para persoas con discapacidade intelectual, xestionadas pola Fundación Reto  
<http://www.youtube.com/watch?v=bA8ayNgHy5s>  
<http://retofundacion.org/nosotros/>

Unidade Rexional de Información sobre Discapacidade de Castela-A Mancha:  
[http://www.infodisclm.com/accesibilidad/centro\\_intermediacion.htm](http://www.infodisclm.com/accesibilidad/centro_intermediacion.htm)

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade:  
<http://www.msc.es/ssi/discapacidad/serviciosPersonasDiscapacidad/centroIntermediacionTelefonica.htm>  
[http://usuarios.discalpnet.es/ojo\\_oido/sistemas\\_tecnicos\\_informaticos\\_para\\_ni%C3%B1os\\_sordos.htm](http://usuarios.discalpnet.es/ojo_oido/sistemas_tecnicos_informaticos_para_ni%C3%B1os_sordos.htm)

Pereira Rodríguez, Ana. “El subtulado para sordos: estado de la cuestión en España”.  
Universidade de Vigo (Pontevedra). Facultade de Filoloxía e Tradución Quaderns. Revista de traducción 12, 2005 .pp.161-172.  
[http://sid.usal.es/idocs/F8/ART11324/subtitulado\\_sordos.pdf](http://sid.usal.es/idocs/F8/ART11324/subtitulado_sordos.pdf)

I Congreso Virtual INTEREDIVUAL sobre Intervención Educativa e Discapacidade Visual (outubro de 2003).

Bueno Martín, Manuel: “Tecnología para ciegos y deficientes visuales. Recopilación de recursos gratuitos en la Red”.

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/caidv/interedvisual/icv/tecnologia\\_para\\_ciegos\\_y\\_dv.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/caidv/interedvisual/icv/tecnologia_para_ciegos_y_dv.pdf)



Meroño Fuentes, Cayetano. “Las Tecnologías de Ayuda en la respuesta educativa del niño con discapacidad visual”.

<http://www.tecnoneet.org/docs/2002/42002.pdf>

e “Ayudas técnicas para personas ciegas y deficientes visuales”.

<http://www.tecnoneet.org/docs/2000/10-2000.pdf>

Arregui Noguera, Beatriz y Romero Rey, Eugenio. “Ayudas técnicas para personas con sordoceguera”. <http://www.once.es/otros/sordoceguera/HTML/capitulo09.htm>

Webanywhere: Servicio en línea totalmente gratuito que permite navegar a personas con discapacidad visual convirtiendo los textos en archivos de son en inglés. Una herramienta que no requiere de instalación ninguna.

Enable Viacam: <http://sourceforge.net/projects/eviacam/files/>

Web de normas de accesibilidad (en inglés): <http://www.w3.org/WAI/>

Barreiras arquitectónicas: <http://www.mldm.es/BA/no.shtml>

Programa para iniciarse no uso do rato: <http://mueve-la-mano.uptodown.com/>

Software educativo - SENSwitcher: <http://centros6.pntic.mec.es/cpee.alborada/senswitcher.htm>

Descubrir: programa de estimulación y atención:  
<http://www.antoniosacco.com.ar/descubrir.htm>

Comunicador dinámico para mejorar la calidad de vida de los discapacitados:  
<http://plaphoons.softonic.com/>

Informática para a discapacidad intelectual:

<http://informaticaparaeducacionespecial.blogspot.com.es/2009/10/alguien-dijo-que-nuestra-vida-vale-lo.html>

<http://www.sodels.com/>

<http://www.freedomscientific.com/>

<http://www.aisquared.com/>

<http://www.dolphinusa.com/>



## EDUCACIÓN E DISCAPACIDADE:

Discapnet, o portal das persoas con discapacidade: [www.discalpnet.es](http://www.discalpnet.es)

Observatorio da discapacidade <http://www.observatoriodeladiscalpnet.es/>

Real Padroado sobre a Discapacidade: <http://www.rpd.es/>

ONCE: 65 años de historia.

Webs de distintas entidades e asociacións:

[www.cermi.es](http://www.cermi.es)

Material audiovisual da ONCE:

[www.once.es/new/mas-videos](http://www.once.es/new/mas-videos)

[www.feaps.org](http://www.feaps.org)

[www.cnse.es](http://www.cnse.es)

[www.fiapas.es](http://www.fiapas.es)

[www.implantecoclear.org](http://www.implantecoclear.org)

[www.apascide.org](http://www.apascide.org)

[www.asocide.org](http://www.asocide.org)

[www.aspace.or](http://www.aspace.or)

[www.autismo.org.es](http://www.autismo.org.es)

[www.sindromedown.net](http://www.sindromedown.net)

A discapacidade e a súa evolución nas Nacións Unidas:

<http://www.un.org/spanish/disabilities/default.asp?id=523>

Convención Internacional das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade en Fácil Lectura

Real Padroado sobre a Discapacidade Universidad Autónoma de Madrid

Fundación Xeral da Universidade Universidad Autónoma de Madrid

Centro de Psicoloxía Aplicada da Universidad Autónoma de Madrid

Grupo UAM-Fácil Lectura

Instituto Universitario de Servizos á Comunidade. Universidade de Salamanca:

<http://inico.usal.es/>



Verdugo, Miguel Á: “Personas con discapacidad: perspectivas psicopedagógicas y rehabilitadoras”. Siglo Veintiuno de España Editores, S.A.

Egea García, Carlos y Sarabia Sánchez, Alicia. “Visión y Modelos conceptuales de la Discapacidad”

<http://usuarios.discapnet.es/disweb2000/art/VisionDis.pdf>

Capacitados: <http://www.capacitados.org/>

Programa Autismo Teletón 2011: [http://www.teleton.org.mx/media/cms\\_page\\_media/306/Evolucion%20del%20concepto%20de%20discapacidad.pdf](http://www.teleton.org.mx/media/cms_page_media/306/Evolucion%20del%20concepto%20de%20discapacidad.pdf)


González Pérez, Teresa. “Itinerario de la Educación Especial en el Sistema Educativo. De la Ley Moyano a la Ley General de Educación”. Facultad de Educación de la Universidad de La Laguna.

[http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CEcQFjAA&url=http%3A%2F%2Fdialnet.unirioja.es%2Fservlet%2Ffichero\\_articulo%3Fcodigo%3D2962564&ei=hqOzUOu-Msm80QXNv4DwBQ&usg=AFQjCNGXK2gkRwsSBkSqx-I3WACUetqBtw](http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CEcQFjAA&url=http%3A%2F%2Fdialnet.unirioja.es%2Fservlet%2Ffichero_articulo%3Fcodigo%3D2962564&ei=hqOzUOu-Msm80QXNv4DwBQ&usg=AFQjCNGXK2gkRwsSBkSqx-I3WACUetqBtw)

LISMI: [www.lismi.es](http://www.lismi.es)

UNESCO: <http://unesdoc.unesco.org/images/0017/001778/177849s.pdf>





**Unidade didáctica creada por iniciativa da ONCE e da Fundación ONCE, desenvolvida por Arista-Kids&Teens.**

Dirección: Miguel González.

Coordinación de contidos: Álvaro de la Cruz.

Asesoramento pedagóxico: M<sup>a</sup> Dolores Bermejo (membro da Comisión de Educación do CERMI da Comunidade de Madrid).

Documentación e elaboración de contidos: M<sup>a</sup> Dolores Bermejo, Esther Onrubia, Lidia Borona y Sonia Bermejo (educadoras do colexio Tres Olivos de Madrid).

Deseño: Concha Cabezado, Elena Vela, José Llamas.

